

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, integrantes do **grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión I**, relativa **ao novo desbaldimento de cartos públicos para sufragar unha campaña publicitaria sobre dinamización demográfica**.

A consellaría de benestar, por resolución do 2 de decembro publicada no DOG de 26 de decembro do 2014, licita un servizo consistente no desenvolvemento dunha campaña de dinamización demográfica, que nos vai custar á cidadanía galega ao redor de 600.000 euros segundo se consigna no orzamento base de licitación.

Cómpre reiterar o errado dunha política que desbalde recursos económicos públicos en accións que non supoñen mellora algunha para a cidadanía galega, toda vez que non achegan benes e servizos públicos que faciliten a nosa cidadanía a decisión reflexiva ao respecto da natalidade.

Cando a xeografía galega está inzada de conflitos laborais e dunha vasta operación de rebaixas salariais e de dereitos laborais; cando fallan por milleiros prazas públicas nas escolas infantís do país; cando se fai moi costa arriba pagar os comedores escolares; cando os recursos públicos para conciliación e corresponsabilidade minguan; cando continúan sen tregua os desafiuzamentos; cando a perda de poder adquisitivo dificulta coidar nas condicións axeitadas das nosas crianzas; cando hai problemas severos de malnutrición infantil; cando tantas variables se conxugan en contra da maioría social semella incomprendible que se tiren os cartos en exercicios publicitarios.

A mellor concienciación é a acción pública que garante as condicións materiais axeitadas, en forma de servizos públicos gratuítos e universais financiados cunha imposición directa progresiva, para que as parellas podan decidir de xeito autónomo ter crianzas.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión I:

- Non contempla a Xunta cancelar as campañas publicitarias natalistas e destinar os cartos públicos a medidas efectivas de creación de emprego estable e con dereitos, novos equipamentos sociais e educativos e a facilitar as condicións de acceso ás medidas de conciliación da vida laboral e familiar?

Compostela, 26 decembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 26/12/2014 12:11:38

Eva Solla Fernández na data 26/12/2014 12:11:44